



INCluSilver



clúster alimentario de galicia

**INNOVATION IN
PERSONALISED NUTRITION
THROUGH CLUSTER
COOPERATION IN THE
SILVER ECONOMY**

**INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN
PERSONALIZADA A TRAVÉS
DA COOPERACIÓN DE
CLÚSTERES NA ECONOMÍA
SÉNIOR**



Este proxecto recibiu financiamento do Programa Europeo de Investigación e innovación Horizonte 2020 baixo o acordo Nº 731349.
This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement Nº 731349.



AS OPORTUNIDADES PARA A INNOVACIÓN EN NUTRICIÓN PERSONALIZADA PARA A POBOACIÓN SÉNIOR

A economía sénior refírese á actividade económica e consumo relacionado co segmento da poboación de máis de 50 anos, que se asocia á emerxencia de novos mercados de consumo e á necesidade de mellorar a sustentabilidade do sistema público relacionado co envellecemento da poboación. O impulso do consumo de produtos e servizos que respondan ás necesidades deste segmento da sociedade xerará novas oportunidades sobre os mercados existentes e emerxentes, así como un gran impacto nos sistemas de saúde.

Por outra banda, a nutrición personalizada ofrece unha nova aproximación que permite aos cidadáns axustar o seu comportamento dietético a través de suxestións sobre elección de produtos alimentarios e patróns de alimentación adaptados ás necesidades e características individuais.

O PROXECTO INCLUSILVER

Neste marco, o proxecto *Innovation in personalised Nutrition through Cluster cooperation in the Silver economy* INCluSilver busca aproveitar as oportunidades relacionadas coa nutrición personalizada e a economía sénior, a través do reforzo da innovación en produtos e servizos de distintos sectores, orientada ao segmento poboacional de máis de 50 anos. INCluSilver, está sendo desenvolvido por un consorcio de nove clústeres, liderados por Skane Food Innovation Network, de Suecia, e o Clúster Alimentario de Galicia, entre 2017 e 2020. Está financiado en 4.115.121 €, no Programa Europeo de desenvolvemento e innovación Horizonte 2020.

INCluSilver inclúe socios de Suecia, España, Italia, Reino Unido, Dinamarca, Irlanda, Grecia, Hungría e Francia dos sectores alimentario, saúde, TIC e das industrias creativas, parte de cinco industrias emerxentes (alimentación funcional, medicina personalizada, servizos móbiles, mobilidade e creatividade). O proxecto vai promover a cooperación entre os distintos actores de innovación, creando as condicións apropiadas para impulsar a innovación e reforzando a competitividade europea no mercado global.

O obxectivo xeral do Proxecto INCluSilver é apoiar a colaboración entre grupos de interese clave, en particular empresas, en distintos sectores que facilite o desenvolvemento de ideas innovadoras no ámbito da nutrición personalizada para a poboación sénior.



AS FASES DO PROXECTO

CAPACITACIÓN EN INNOVACIÓN E ESTABLECEMENTO DE COOPERACIÓN INTERSECTORIAL

CONVOCATORIA DE EXPRESIÓN DE INTERESE



IMPLEMENTACIÓN DE PROXECTOS

CHEQUES DE INNOVACIÓN



DESENVOLVEMENTO DE IDEAS DE PROXECTO INTERSECTORIAIS

CONVOCATORIA DE PROXECTOS



NOVOS PRODUTOS INNOVADORES E SERVIZOS EN NUTRICIÓN PERSOALIZADA PARA A POBOACIÓN SENIOR

OS PAQUETES DE TRABAJO DE INCLUSILVER

- 1 Intelixencia de mercado e definición da estratexia de actuación
- 2 Construción dunha contorna colaborativa virtual
- 3 Implementación dun esquema de cheques de innovación
- 4 Deseño e implementación dun catálogo de servizos de apoio
- 5 Diseminación, explotación de resultados e avaliación do impacto.
- 6 Xestión do proxecto

Entre os principais beneficios para as empresas e entidades participantes atópanse a posibilidade de obter apoio financeiro directo (cheques de innovación) e técnico (a través de servizos de apoio á innovación) para aumentar a capacidade de innovación das PEMES. Ademais de asesoramento individualizado, actividades de formación avanzada e unha contorna colaborativa virtual de apoio á innovación aberta.

O núcleo do proxecto será a Contorna Colaborativa Virtual dedicada aos grupos de interese da nutrición personalizada, en particular as PEMEs. A CCV permitirá a creación dunha plataforma común de expertos (Gremios de Innovación); o establecemento dunha ferramenta tecnolóxica para a compilación de información e de procura de socios para incentivar a interacción e a colaboración.

SERVIZOS DE COACHING E MONITORIZACIÓN

Valor unitario

Branding & RP 4.000€

Servizo en liña de helpdesk especializado de apoio en cuestións relacionadas con branding & relacións públicas: plan de mercadotecnia e comunicación.

Modelo de Negocio 7.000€

Servizo de validación de modelos e plans de negocio e recomendacións de mellora.

Acceso a financiamento 2.000€

Servizo de apoio á captación de fondos e oportunidades existentes para PEMES, incluíndo información e servizo de consultoría en oportunidades de financiamento, intermediación financeira e consultoría para a inversión.

Presentación ante investidores (pitching) 3.000€

Formación para atraer investimento privado tanto na preparación como na sensibilización de investidores.

Internacionalización 3.000€

Servizo de identificación de oportunidades para a internacionalización e elaboración de recomendacións. Identificación dos mercados máis adecuados e plan promocional.

Incubación/ coubicación 1.500€

Servizo de valoración de oportunidades de incubación e encamiñamento cara ao programa de incubación adecuado.

SISTEMA DE CHEQUES

Valor unitario

Cheque Idea Innovadora 3.000€

Axudar á maduración de ideas e proxectos relevantes (xurdidos dos gremios de innovación) e para concretar colaboracións

Cheque Escalabilidade e Internacionalización 20.000€

Transferencia dunha innovación ao mercado, dentro e fóra da UE (deseño, análise de mercado, consultoría internacional).

Cheque Demostración 60.000€

Demostración do nivel de madurez tecnolóxica en contexto operacional en colaboración con living labs (bancos de probas reais) e sistemas de demostración a gran escala.

Cheque Transferencia Tecnolóxica 20.000€

Valoración do potencial de transferencia de tecnoloxía ou know-how a outro sector, ou de resolución dun problema técnico que permita a transferencia.

Cheque análise de viabilidade económica 10.000€

Apoio a decisións estratéxicas. Elaboración de análise en profundidade da competencia (marcas, produtos, etc.) e condicións da contorna e normativas.

Cheque Dereito Propiedade Intelectual da Innovación 5.000€

Apoio a decisións estratéxicas. Elaboración de análise en profundidade da competencia (marcas, produtos, etc.) e condicións da contorna e normativas.

Cheque Proposta Innovación

A idea básica do proxecto é responder ás necesidades dos consumidores do segmento da poboación sénior, con tal fin, o proxecto INCluSilver construíra un marco de colaboración e proporcionará ás PEME ferramentas para aumentar as súas capacidades de innovación: o acceso ao coñecemento, ao financiamento, ás infraestruturas e aos mercados.



CAPACITACIÓN



APOIO Á INTERNACIONALIZACIÓN



ACCESO A FINANCIAMENTO



APOIO FINANCIERO



SERVIZOS E ASESORAMENTO



HELPDESK



INNOVACIÓN ABERTA



INCUBACIÓN



ENTORNO COLABORATIVO



Este proxecto recibiu financiamento do Programa Europeo de investigación e innovación Horizonte 2020 baixo o acordo N° 731349.
This project has received funding from the European Union's Horizon 2020 research and innovation programme under grant agreement N° 731349.

Más información: europa@clusaga.org | www.inclusilver.eu | www.clusteralimentariodegalicia.org